



SI

As mulleres no sector TIC

Edición 2024



XUNTA
DE GALICIA



Edita: Xunta de Galicia
Consellería de Facenda e Administración Pública
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Lugar: Santiago de Compostela
Ano de publicación: 2025

Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons Atribución
Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)
Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

Índice de Contidos



1. Introducción	Páx. 4
2. As mulleres nas empresas TIC en Galicia	Páx. 6
2.1 A situación da muller no ámbito do Hipersector TIC	Páx. 7
2.2 O emprego no sector TIC en Galicia desde unha perspectiva de xénero	Páx. 11
2.3 O emprego no sector contidos en Galicia desde unha perspectiva de xénero	Páx. 21
2.4 Funcións e roles das mulleres nas empresas TIC en Galicia	Páx. 28
3. Conclusións	Páx. 33



I. Introducción




I. Introducción

Obxectivos

- Presentación de datos actualizados sobre a presenza das mulleres galegas no Hipersector TIC, en xeral, e no Sector TIC e Sector Contidos, en particular.
- Identificar as súas funcións e roles no cadro de persoal das empresas.
- Analizar o nivel de formación das mulleres galegas nas empresas TIC.

Fontes de Información


- Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas.
- Afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE ao OSIMGA, procedentes da Seguridade Social.





2. As mulleres nas empresas TIC en Galicia

2.1 A situación da muller no ámbito do Hipersector TIC



No 2024, o número de mulleres no Hipersector TIC aumentou nun 2,5% respecto ao ano anterior, acadando un total de 9.768 traballadoras.

O 33,6% do persoal do Hipersector TIC é muller, o que sitúa a fenda de xénero nos 33,8 puntos porcentuais.

No marco do Hipersector TIC, o Sector Contidos é o que aglutina a maior presenza de mulleres co 44%, que sitúa a fenda de xénero deste grupo de actividades en 12 puntos porcentuais.

Afiliacións á Seguridade Social no Hipersector TIC por sexo


Ano 2024

Os datos relativos ao emprego no Hipersector TIC no ano 2024 amosan que a fenda de xénero queda en 32,8 puntos, sendo o 66,4% dos traballadores homes e o 33,6% mulleres.

A análise por subsectores indica que:

- No Sector TIC, as mulleres contan cunha menor representatividade (31,1%). Neste sector a fenda de xénero é de 37,8 puntos porcentuais.
- No Sector Contidos, as mulleres contan cunha representación do 44%, polo que se reduce a fenda de xénero a 12 puntos porcentuais.


	% Mulleres	Fenda de xénero
Sector TIC	31,1%	37,8 puntos
Sector Contidos	44,0%	12,0 puntos
Hipersector TIC	33,6%	32,8 puntos



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

Afiliacións á Seguridade Social no Hipersector TIC por sexo

Evolución 2022-2024



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

O emprego feminino no Hipersector TIC experimentou un crecemento do 2,5% respecto ao ano 2023. Este crecemento prodúcese sobre todo no sector TIC, que tivo un incremento dun 2,7% con respecto ao ano anterior.

Novamente, é o sector de Contidos o que ten unha maior contratación de mulleres, que supoñen o 44% do total do seu persoal.

Aumenta o peso da muller no emprego tecnolóxico, tanto no sector TIC (unha décima) coma no dos contidos (8 décimas).


Afiliacións á Seguridade Social no Hipersector TIC por réxime

Evolución 2022-2024

	Ano 2022	
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	34,4%	65,6%
Autónomas	24,5%	75,5%

	Ano 2023	
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	34,8%	65,2%
Autónomas	25,1%	74,9%

	Ano 2024	
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	35,0%	65,0%
Autónomas	25,0%	75,0%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

No 2024, o incremento xeral no emprego do Hipersector TIC procede do aumento no volume de traballadores/as do Réxime especial de autónomos, onde o crecemento relativo do emprego foi do 3,4% respecto ao anterior. O volume de traballadores/as do Réxime Xeral tamén medrou neste último ano un 1,7%.

Crecen as mulleres traballadoras no sector. No réxime xeral crecen o 2,4% e no réxime especial o 3,1% respecto a 2023.

2.2 O emprego no sector TIC en Galicia desde unha perspectiva de xénero



As empresas dedicadas ás Actividades Informáticas, son as que empregaban o maior número de traballadoras no Sector TIC no ano 2024. Dentro das empresas desta área económica empregáronse no ano 2024 4.987 traballadoras.


Afiliacións á Seguridade Social no Sector TIC

Evolución 2015-2024

No 2024, as traballadoras do Sector TIC afiliadas á Seguridade Social eran 7.291, o que supón un crecemento do 2,7% respecto ao ano 2023.

No período 2015-2024, o emprego feminino no sector TIC aumentou en 2.106 (+40,6%). Non obstante, o peso da muller no sector TIC descendeu en 2 puntos porcentuais neste período porque o ritmo de crecemento do emprego masculino é superior (+54,1%). Aínda así, no último ano recuperouse en 0,1 puntos.

	Mulleres	Homes
Ano 2015	33,1%	66,9%
Ano 2016	32,9%	67,1%
Ano 2017	32,1%	67,9%
Ano 2018	31,6%	68,4%
Ano 2019	31,1%	68,9%
Ano 2020	30,4%	69,6%
Ano 2021	30,6%	69,4%
Ano 2022	30,6%	69,4%
Ano 2023	31,0%	69,0%
Ano 2024	31,1%	68,9%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.




Afiliacións á Seguridade Social no Sector TIC por réxime

Evolución 2022-2024

	2022	
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	32,0%	68,0%
Autónomas	21,5%	78,5%

	2023	
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	32,3%	67,7%
Autónomas	21,6%	78,4%

	2024	
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	32,5%	67,5%
Autónomas	21,1%	78,9%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

A fenda de xénero no Réxime Xeral no sector TIC diminúe respecto ao ano 2023 en 0,2 puntos porcentuais. No caso do Réxime Especial Autónomos, as mulleres só representan o 21,1%.


Afiliacións á Seguridade Social no Sector TIC por subsectores económicos. Ano 2024

En termos absolutos, o maior número de mulleres traballadoras no Sector TIC rexístrase en empresas dedicadas ás Actividades informáticas. Neste subsector empregáronse 4.987 traballadoras no ano 2024 (+5,2% respecto ao 2023).

Tendo en conta a representación porcentual, é no sector das Telecomunicacións onde se rexistra unha maior porcentaxe de mulleres, cun 44,1% traballadoras.

O sector con menor representación feminina é o sector de Manufactureiras TIC, con 132 postos, o que supón que unicamente o 19,0% están ocupados por mulleres.

	% Mulleres
1. Manufactureiras TIC	19,0%
2. Telecomunicacións	44,1%
3. Actividades informáticas	29,7%
4. Comerciais TIC	23,7%
5. Outros Servizos TIC	26,7%
Total sector TIC	31,1%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

Análise dos subsectores económicos que conforman o SECTOR TIC

1. Manufactureiras TIC

2. Telecomunicacións

**3. Actividades
informáticas**

4. Comerciais TIC

5. Outros servizos TIC




1. Manufactureiras TIC

Desglose por CNAE –2009 Afiliacións á Seguridade Social

Ano 2024

	% Mulleres
CNAE 261: Fabricación de compoñentes electrónicos:	20,9%
CNAE 262: Fabricación de ordenadores:	11,4%
CNAE 263: Fabricación de equipos de telecomunicacións:	18,9%
CNAE 264: Fabricación de electrónica de consumo:	33,3%
TOTAL MANUFACTUREIRAS TIC:	19,0%




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

2. Telecomunicacións

Desglose por CNAE –2009 Afiliacións á Seguridade Social

Ano 2024

	% Mulleres
CNAE 611: Telecomunicacións por cable:	53,1%
CNAE 612: Telecomunicacións sen fíos:	32,5%
CNAE 613: Telecomunicacións por satélite:	17,9%
CNAE 619: Outras actividades de telecomunicacións:	23,0%
TOTAL TELECOMUNICACIÓNS:	44,0%




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

3. Actividades Informáticas

Desglose por CNAE –2009 Afiliacións á Seguridade Social

Ano 2024

	% Mulleres
CNAE 620: Actividades de programación o consultaría:	29,4%
CNAE 631: Procesos de datos:	40,0%
TOTAL ACTIVIDADES INFORMÁTICAS:	29,7%




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

4. Comerciais TIC

Desglose por CNAE –2009 Afiliacións á Seguridade Social
Ano 2024

	% Mulleres
TOTAL COMERCIAIS TIC	
CNAE 465: Comercio por xunto de ordenadores:	23,7%





Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

5. Outros Servizos TIC

Desglose por CNAE –2009 Afiliacións á Seguridade Social

Ano 2024

	% Mulleres
CNAE 582: Edición de videoxogos:	27,9%
CNAE 951: Reparación de ordenadores e equipos:	26,3%
TOTAL OUTROS SERVICIOS TIC:	26,7%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

2.3. O emprego no sector contidos en Galicia desde unha perspectiva de xénero



O 44% das persoas traballadoras do sector contidos son mulleres.

As actividades relacionadas cos contidos e medios audiovisuais son as que teñen unha maior presenza de mulleres.

Afiliacións á Seguridade Social no Sector Contidos


Evolución 2015-2024

No ano 2024 obsérvase un incremento no número de mulleres contratadas no Sector Contidos, coa menor distancia de toda a serie histórica respecto aos homes (678).

As afiliacións á seguridade social das mulleres increméntanse nun 2% coa fenda de xénero nos 12 puntos porcentuais.

A evolución da presenza da muller no sector crece en case un punto neste último ano acadando o 44%.

	Mulleres	Homes
Ano 2015	41,5%	58,5%
Ano 2016	41,3%	58,7%
Ano 2017	41,7%	58,3%
Ano 2018	41,9%	58,1%
Ano 2019	41,5%	58,5%
Ano 2020	41,1%	58,9%
Ano 2021	41,5%	58,5%
Ano 2022	42,4%	57,6%
Ano 2023	43,2%	56,8%
Ano 2024	44,0%	56,0%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.




Afiliacións á Seguridade Social no Sector Contidos por réxime

Evolución 2022-2024

	Ano 2022	
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	44,8%	55,2%
Autónomas	32,8%	67,2%

	Ano 2023	
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	45,6%	54,4%
Autónomas	34,1%	65,9%


	Ano 2024	
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	46,5%	53,5%
Autónomas	34,9%	65,1%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

No 2024, no Sector Contidos, as afiliadas á Seguridade Social a través do Réxime Xeral representan o 46,5% do persoal. En termos absolutos, descende a fenda de xénero no réxime xeral, pasando dunha diferenza entre homes e mulleres de 396 traballadores no ano 2023 a 313 no ano 2024.

Afiliacións á Seguridade Social no Sector Contidos por subsectores económicos. Ano 2024



Os dous subsectores económicos que conforman o Sector Contidos, superan o 43,5% de mulleres traballadoras, o que confirma a maior incorporación das mulleres ás actividades relacionadas cos contidos e medios audiovisuais.

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

Análise dos subsectores económicos que conforman o SECTOR CONTIDOS

1. Edición de libros e actividades relacionadas con cine, TV e son



2. Medios de información



1. Edición de libros e actividades relacionadas con cine, TV e son

Desglose por CNAE –2009 Afiliacións á Seguridade Social

Ano 2024




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

2. Medios de Información


Desglose por CNAE –2009 Afiliacións á Seguridade Social Ano 2024

	% Mulleres
CNAE 601: Actividades de radiodifusión	41,4%
CNAE 602: Actividades de programación e emisión de televisión	41,6%
CNAE 639: Outros servizos de información	50,8%
TOTAL MEDIOS DE INFORMACIÓN	44,6%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

2.4 Funcións e roles das mulleres nas empresas TIC en Galicia



O 58,5% das empresas TIC galegas contan con mulleres no seu persoal.


No 7,4% das empresas TIC as mulleres supoñen máis da metade do seu persoal.

2.4. Funcións e roles das mulleres nas empresas TIC de Galicia




O 65,7% das empresas TIC galegas contan con mulleres entre o seu persoal. As empresas nas que máis da metade do seu persoal son mulleres son o 9,9%.

Empresas TIC que contan con mulleres no seu persoal



Fonte: OSIMGA. Enquisa ás empresas TIC de Galicia Base: empresas TIC de Galicia.

Empresas TIC nas que máis da metade do seu persoal son mulleres




Fonte: OSIMGA. Enquisa ás empresas TIC de Galicia Base: empresas TIC de Galicia.

2.4 Funcións e roles das mulleres nas empresas TIC de Galicia



O persoal dedicado a tarefas especificamente TIC é o que rexistra unha fenda de xénero superior, case 40 puntos porcentuais

Distribución do persoal das empresas TIC




Fonte: OSIMGA. Enquisa ás empresas TIC de Galicia Base: empresas TIC de Galicia.

2.4 Funcións e roles das mulleres nas empresas TIC de Galicia



O 18,2% das empresas TIC galegas contan con mulleres en postos de dirección.

Empresas TIC que contan no seu persoal con mulleres en postos de dirección




2.4 Funcións e roles das mulleres nas empresas TIC de Galicia



O 29,4% do persoal son homes con Titulación Universitaria STEM, por só o 10,6% de mulleres, a 18,7 puntos de distancia.

A segunda maior distancia está nas titulacións de FP técnicas de grao superior onde os homes superan en 16,4 puntos ás mulleres.

Titulación do persoal segundo o sexo



Fonte: OSIMGA. Enquisa ás empresas TIC de Galicia Base: empresas TIC de Galicia



3. Conclusiones


3. Conclusións



No 2024, 9.768 mulleres ocuparon postos de traballo en empresas do Hipersector TIC galego, o que representa o 33,6% dos empregos.

No Sector Contidos, as mulleres contan cunha maior representación, 44%, o que reduce a fenda de xénero a 12 puntos porcentuais.

Aumenta o peso da muller no emprego tecnólogo, tanto no sector TIC (unha décima) coma no dos contidos (8 décimas).



O Sector TIC rexistrou 7.291 mulleres afiliadas á Seguridade Social, o que supón o 31,1% dos traballadores/as do sector, no ano 2024.

O maior número de mulleres traballadoras no Sector TIC rexístrase en empresas dedicadas ás Actividades informáticas. Neste subsector empregáronse 4.988 traballadoras no ano 2024 (+5,2% respecto ao ano anterior).



No Sector Contidos o número de mulleres traballadoras acada no 2024 as 2.477, o que supón un incremento do 1,9% dende o 2023.

A evolución da presenza da muller no subsector contidos aumenta no último ano case un punto ata 44% tras permanecer moi estable arredor do 41,5% dende 2015.

A actividade onde as mulleres contan con maior presenza é "Medios de información" (44,6%).



O 29,4% dos homes e o 10,6% das mulleres que traballan no sector TIC en Galicia posúen algún tipo de Titulación Universitaria STEM, o que supón unha fenda de xénero de 18,8 puntos porcentuais.

En canto aos roles nas empresas, a muller segue a estar infrarrepresentada nos postos de liderado, pero sobre todo nos postos técnicos, os máis numerosos na empresa. O 55,3% do persoal son homes en tarefas técnicas, por só o 18,1% de mulleres técnicas.



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



OBSERVATORIO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA